



CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H

Praza do Mesón, nº 1. 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 981414151

correo@manon.es

www.manon.es

Dilixencia: Para facer constar que as presentes bases foron aprobadas pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 29 de agosto 2024 (Competencia delegada pola Alcaldía por Decreto nº 52/2023) Asinado dixitalmente. A Secretaria-Interventora. María Valiña Garrido

BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DUNHA PRAZA DE CONDUCTOR/A OPERARIO/A MAQUINARIA (2024/E001/000017).

PRIMEIRO.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.

O obxecto desta convocatoria é a selección laboral temporal dunha (1) praza de conductor/a operario/a maquinaria.

En aplicación do Real Decreto-Lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado laboral, o contrato será de duración determinada por circunstancias da produción a xornada completa, por un período de 6 meses iniciándose o día 16 de setembro de 2024 e rematando o día 15 de marzo de 2025.

O horario será o establecido pola responsable do servizo, coa autorización do alcalde-presidente.

As retribucións serán as correspondentes ao salario mínimo interprofesional.

SEGUNDA.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES.

Os aspirantes terán que reunir, na data que remata o prazo sinalado para a presentación de solicitudes, as seguintes condicións:

- Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 do Real decreto lexislativo 5/2015, de 30 de outubro (TREBEP), ou estranxeiro con residencia legal en España.
- Ter cumpridos 18 anos de idade na data da convocatoria e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- Estar en posesión do carnet de conducir tipo C
- Non ter sido separado nin despedido, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera administración pública, nin atoparse en situación de inhabilitación absoluta ou especial para o exercicio de funcións públicas por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario ou para exercer funcións similares ás que desenvolvía no caso de persoal laboral.
- No caso de pertencer a outro Estado, non atoparse sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao servizo público.

TERCEIRA.- SOLICITUDES.

As solicitudes poderán presentarse ata o día 10 de setembro de 2024 ás 14,00 horas.

Para ser admitidos e tomar parte na convocatoria, os aspirantes deberán manifestar na solicitude que reúnen todas e cada unha das condicións esixidas na convocatoria.

Será necesario acreditar xunto coa solicitude:



CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H

Praza do Mesón, nº 1. 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 981414151

correo@manon.es

www.manon.es

- Fotocopia do DNI ou documento que acredite a nacionalidade.
- Fotocopia do carnet de conducir.
- Documentación xustificativa dos méritos alegados

As solicitudes poderán presentarse na sede electrónica do Concello sede.manon.es no apartado de convocatoria de persoal ou no rexistro do Concello en horario de 9,00 a 14,00 horas no modelo “Solicitud de Selección Persoal”

CUARTA.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, o Alcalde ditará resolución no prazo máximo de dous días hábiles aprobando a lista provisional de persoas admitidas e excluídas. Esta resolución expoñerase na páxina web do Concello. Concederase un prazo de dous días hábiles a contar dende o día seguinte ao da publicación para rectificacións, emendar erros e posibles reclamacións. A lista provisional de persoas admitidas e excluídas considerase automaticamente elevada a definitiva se non se presentan reclamacións. Se houberse reclamacións, serán estimadas ou desestimadas, se procede, no prazo máximo de cinco días, nunha nova resolución de aprobación definitiva, que se fará pública na páxina web do Concello.

QUINTA.- TRIBUNAL CUALIFICADOR.

O tribunal cualificador estará constituído polos seguintes membros:

- Presidente: Dna. Carmen Casás López, Auxiliar administrativa do Concello de Mañón.
- Vogais:
 - Primeira vogal: Dna. Tamara Rey Durán, Auxiliar administrativa do Concello de Mañón
 - Segundo vogal: D. Mario Enrique Fernández González, Oficial de servizos do Concello de Mañón.
 - Terceiro vogal: D. Francisco Gómez Ares, Oficial de servizos do Concello de Mañón.
- Secretaria: Dna. Cristina Álvarez Fojo, Administrativa do Concello de Mañón.

SEXTA.- MÉRITOS

O proceso de selección realizarase polo sistema de concurso.

A puntuación máxima será de 10 puntos, que se valorará do seguinte xeito

1.-- Experiencia profesional na Administración Pública, máximo 9,00 puntos.

Os méritos da experiencia profesional serán valorados do seguinte xeito:

A) Servizos prestados como conductor no Concello de Mañón en calidade de persoal temporal : 0,50 puntos por cada mes completo de servizos prestados.

B) Servizos prestados como conductor noutros Concellos e no resto da Administración Pública en calidade de persoal temporal : 0,35 puntos por cada mes completo de servizos prestados.

Únicamente se valorarán os servizos prestados a xornada completa.

Non se computará como experiencia no ámbito das Administracións Públicas a experiencia adquirida ao servizo de empresas que presten servizos externalizados polas devanditas Administracións.

A acreditación dos méritos por tempo de servizos prestados realizarase mediante certificación da Administración pública correspondente expedida pola Secretaría, na que deberá figurar, como mínimo: a Administración pública, o vínculo ou réxime xurídico, a



CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H

Praza do Mesón, nº 1. 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 981414151

correo@manon.es

www.manon.es

denominación do grupo e o traballo desenvolvido, e a data de inicio e finalización da vinculación.

A solicitude irá acompañada do/s certificado/s de servizos prestados a respecto da experiencia alegada nas diferentes administracións públicas.

2.- Situación persoal do solicitante: 1 punto

Por cada fillo menor de idade a cargo do/a solicitante: 0,50 puntos por fillo, máximo 1 punto.

Puntuación final: Será a suma total obtida na fase de valoración, proponéndose para o seu nomeamento aquelas persoas que acaden a maior puntuación.

No suposto de empate nas puntuacións totais finais de dous ou máis aspirantes, este resolverase tendo en conta a maior puntuación obtida na valoración da experiencia profesional no Concello de Mañón. De persistir o empate este resolverase por sorteo.

OITAVA.- RESULTADOS DA SELECCIÓN.

Rematado o proceso selectivo publicarase na páxina web do Concello www.manon.es a relación de puntuacións outorgadas e elevarase á Alcaldía proposta de contratación a favor do/a aspirante coa puntuación máis alta.

NOVENA.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN.

A persoa seleccionada presentará no prazo de tres (3) días naturais contados dende o seguinte ao que se faga público o resultado da selección, a seguinte documentación:

- Certificado médico acreditativo de posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das funcións correspondentes.
- Domiciliación bancaria para o ingreso da nómina.

DÉCIMA.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

Cumpridos os requisitos sinalados procederase a formalizar o correspondente contrato.

UNDÉCIMA.- NORMATIVA DE APLICACIÓN.

Esta selección rexerese polas prescricións contidas nesta convocatoria e para o non previsto polo Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público (TREBEP), pola Lei 30/1984, de 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública, pola Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das bases de réxime local e demais normativa de aplicación.

DUODÉCIMA.- IMPUGNACIÓN.

As presentes bases e os actos administrativos que se deriven das mesmas e das actuacións do Tribunal Cualificador poderán ser impugnadas conforme ao que establece a Lei 39/2015, de 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas.



CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H

Praza do Mesón, nº 1. 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 981414151

correo@manon.es

www.manon.es

ANEXO I

MODELO DE INSTANCIA

D./D.^a _____,
con DNI _____ domicilio en _____
_____, n.º ____, portal ____ piso _____,
C.P. _____, localidade _____ concello _____,
teléfono _____, correo electrónico _____

EXPOÑO:

I. Que desexo participar no proceso selectivo convocado polo Concello de Mañón para a SELECCIÓN DE UN/UNHA (1) PRAZA DE CONDUCTOR/A OPERARIO/A MAQUINARIA.

II. Que reúno todos os requisitos esixidos referidos á data de finalización do prazo sinalado para a presentación da solicitude nas bases de selección, que coñezo e acepto, e DECLARO RESPONSABLEMENTE que son certos os datos que figuran nesta instancia, e comprométome a xustificalos documentalmente cando sexa requirido para iso.

Polo exposto, SOLICITO:

Ser admitido/a no proceso para provisión temporal de UN/UNHA (1) PRAZA DE CONDUCTOR/A OPERARIO/A MAQUINARIA., achegando para estes efectos a seguinte documentación:

- Fotocopia DNI, pasaporte ou documento de identidade correspondente ao Estado de procedencia.
- Fotocopia do carnet de conducir esixido.
- Acreditación méritos alegados.

Mañón, ____ de _____ de 2022.

Asdo. _____

Sr. ALCALDE DO CONCELLO DE MAÑÓN



CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H

Praza do Mesón, nº 1. 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 981414151

correo@manon.es

www.manon.es

ANEXO II

D./D.^a _____,

con DNI _____

DECLARA baixo xuramento:

- Non padecer enfermidade ou defecto físico/psíquico, que impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes á praza a que se opta.
- Non estar incurso/a en causa de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.
- Non estar separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera Administración Pública, nin estar inhabilitado/a para o exercicio das funcións por sentenza firme.

Mañón, ____ de _____ de 2022.

Asdo. _____

Sr. ALCALDE DO CONCELLO DE MAÑÓN